



tenisinfo

FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS

Número 57

Índice



4

Andrés Pereiro López finalista de dobres no J30 Benidorm



8

Martín De la Puente campión do Master Nacional 2023



12

Primeira participación de Jessica Bouzas no US Open



14

Ander Tarrío cede no pase ao cadro final do M25 de Sintra



18

Xogadores/as galegos/as no Master Warriors Tour



24

Galicia Head Tour 2023 - 5ª Proba



27

O Plan Corresponsables no Club de Tenis Gondomar



28

Máster Galego Absoluto e Máster do Circuíto GHT 2023



32

Campionato Galego de Tenis Veteran@s 2023



34

I Máster Galego de Veteran@s 2023 Hotel H4



36

Campionato Galego de Tenis de Praia 2023



38

I Campionato Absoluto Feminino e Masculino Ibérico de Tenis



40

I Torneo Pickleball FGTenis



42

W25 Cidade de Ourense



46

W25 Internacional Cidade de Vigo



51

Vigo Tennis Open 2023



54

LXXX Torneo Internacional de Tenis Club de Campo de Vigo



56

21º Torneo Internacional Júnior de Sanxenxo



58

Torneo Internacional de Tenis 14&Under "Cidade de A Coruña"



60

Torneo Pontevedra Internacional Junior U14



62

15º Torneo Internacional Cadete de Sanxenxo 2023



65

IV Torneo Internacional Senior Sanxenxo



66

IV ITF Senior Santiago de Compostela



68

Campionato de España por Equipos de Clubs Tenis Praia 2023



69

O Casino Sporting Coruña 3º clasificado no Camp. España Abs. de Tenis Prais



70

Campionato de España MAPFRE de Tenis Alevín por Equipos



71

Campionato de España MAPFRE Tenis Seleccións Infantís por CCAA 2023



72

Campionato de España MAPFRE Tenis Absoluto por Equipos Masc. 2ª



73

Galicia subcampioa no XXI Camp. España tenis en cadeira MAPFRE CCAA



74

Campionato do Mundo de Veteranos



75

Árbitros Galegos - Galería fotográfica

Andrés Pereiro López finalista de dobres no J30 Benidorm

Andrés Pereiro López conseguiu ser subcampión na modalidade de dobres do Torneo Internacional Benidorm J30.



O lucense está a conseguir fantásticos resultados no circuito internacional júnior. A primeira semana de agosto, no Torneo Internacional J30 de Valldoreix, Andrés superou a previa gañando a Ronin Spahn (USA) 6-0 6-2, a Pietro Verno (ITA) 6-3 7-5 e a Vicent Llobell (ESP) 6-1 6-4. No cadro principal eliminou a Marko Pozzonec (SLO) por 6-7(8) 7-5 e 6-0 na primeira rolda e na segunda perdeu ante o italiano Giovanni Ciocca por 6-4 e 6-1.

Esta semana xogou o Internacional J30 Benidorm. Andrés foi directamente ao cadro principal. Pablo Aunion eliminouno na primeira rolda cun resultado de 7-5 4-6 6-3.

Na proba de dobres formou equipo con Pau Lluh. Gañaron a Rio Hanif (GBR) / Pablo Pñérez Navarro (ESP) 7-6(6) 5-7 10-3, a Hector Edmond Fullone (GBR) / Luka Van Geel (ESP) 6-2 6-4 e a Denis Struk (LTU) / Alexander Tokar (UKR) 4-6 7-6(4) 10-8. Na final, non lograron superar a Giovanni Ciocca (ITA) / David Muñoz Botia (ESP), o resultado 6-3 2-6 10-6.

Jessica Bouzas subcampioa do W100 Maspalomas Gran Canaria

Jessica Bouzas fíxose co título de subcampioa do W100 Maspalomas Gran Canaria, perdendo na final ante a austríaca Julia Grabher en dous sets por 4-6 4-6.

A vilagarcía chegou á final derrotando a Yvonne Cavalle-Reimers 6-3 6-3, á italiana Giorgia Pedone 6-3 6-1, a Suzan Lamens (NED) 6-1 3-6 6-1 nos cuartos de final e, por último, eliminou en semifinais a Arantxa Rus (NED) 42-7(6) 7-6, favorita do torneo e número 2 do ranking WTA.



Gonzalo González coa selección nacional no Campionato do Mundo +55

A Real Federación Española de Tennis seleccionou a Gonzalo González González, xogador do Club Deportivo D10, para formar parte da selección que disputa o Campionato do Mundo por Equipos +55, en Lisboa, do 13 ao 18 de agosto.

A selección española, completada por Fernando Jesús Granero Alameda, Javier Linares Corral (capitán) e Pablo Semprún Martínez, non logrou superar a fase de grupos. Gañaron contra Suíza, cun resultado de 2-1, pero despois perderon ante Dinamarca.

No cadro que asignará os postos do 9º ao 16º, a selección superou a Arxentina e os seus próximos rivais serán os australianos.

Seleccións españolas

Feminino +55

- M^a Rosa Bielsa Hierro
- M^a Leticia Almirall Garbayo (capitana)
- Marta Rosa Homedes Carballo

Masculino +55

- Fernando Jesús Granero Alameda
- Gonzalo González González
- Javier Linares Corral (capitán)
- Pablo Semprún Martínez

Feminino +60

- Magda Gual Lleó
- Ana M^a Almansa Suárez (capitana)
- Heike Ilse Deda Kolata
- M^a Rocío Ysern Coto

Masculino +60

- Francisco García López
- Miquel Puigdevall Lamolla (capitán)
- Juan Antonio Rodríguez Aransay
- Manuel Arroyo Rosales



Martín gaña a prata en individual e o bronce en parellas na European Para Championships

Dúas medallas para o vigués Martín De la Puente nos European Para Championships celebrados na cidade neerlandesa de Rotterdam.



Prata na proba individual. Martín derrotou a Marek Gergely (SVK) cun dobre 6-1 na segunda rolda, en cuartos de final gañou a Dahnon Ward (GBR) 6-2 6-3 e nas semifinais a Maikel Scheffers (NED) 6-3 6-4. Na final non logrou impoñerse a Ruben Spaargaren (NED) 7-5 5-7 6-4.

Bronce na modalidade de dobres. Martín formou parella co cordobés Francisco García Vena. Derrotaron a Nico Langmann (AUT) e Martin Legner (AUT) por 6-4 6-2 nos cuartos, nas semifinais caeron ante os cabezas de serie número 1 Maikel Scheffers (NED) e Ruben Spaargaren (NED) por 6-4 6-3.



Martín De la Puente eliminado nos cuartos de final do US Open Wheelchair

Non puido ser, Martín De la Puente quedou eliminado nos cuartos de final do US Open 2023.



Comezou a súa participación na modalidade individual cunha vitoria ante Takashi Sanada, xogador número 9 do ranking mundial, o resultado 6-0 6-7(5) 6-4. En cuartos de final comezou gañando o primeiro set por 6-1 ante Gordon Reid (GBR), pero acabou perdendo o segundo e terceiro 7-5 7-5.



Na proba de dobres, Martín estivo emparellado co arxentino Gustavo Fernández, non lograron superar os xaponeses T. Miki e T. Oda en cuartos por 7-6(3) 6-4.

Illobre e Prada no II Open Nacional Cruz da Victoria de Tenis en Cadeira de Rodas

Grandes resultados de Álvaro Illobre e Daniel Prada no II Open Nacional Cruz de la Victoria de Tenis en Cadeira de Rodas, celebrado no Real Club de Tenis Oviedo do 10 ao 13 de agosto.

Álvaro Illobre conseguiu ser finalista de dobres con Raul Moreno e tamén chegou ás semifinais do cadro principal, perdendo ante o cabeza de serie número 1 Francesc Prat (61 36 62).

Daniel Prada quedou campión de consolación ao vencer na final a Rubén Valle cun resultado de 6-2 7-6(2).



Martín De la Puente campión do Master Nacional 2023

O vigués Martín De la Puente sumou un novo título de campión do Master Nacional de Tenis en Cadeira de Rodas (xa leva seis).

Esta competición, que reúne aos 8 mellores tenistas en cadeira, celebrouse no C.A.M. las Franqueses del Valles.

Na final gañou a Enrique Siscar Meseguer cun resultado de 6-0 7-5.

Non foi o único galego que participou nesta edición, o aresán Álvaro Illobre acadou o quinto posto ao vencer a Jorge Iglesias por 6-3 e 6-3.



Grandes resultados de Martín de la Puente no Wheelchair Masters 2023

Martín, número 4 do ranking mundial, disputou a semana pasada en Barcelona o Wheelchair Masters, que reuniu as 8 mellores raquetas do mundo.

No cadro individual Martín perdeu en semifinais contra Alfie Hewett (GBR) por 3-6 1-6, na fase de grupos Martín comezou cunha derrota ante Tokito Oda (JPN) por 3-6 1-6, na segunda rolda gañou a Joachi Gerard (BEL) por 4-6 6-2 6-2 e no terceiro contra Takuya Miki por 3-6 6-1 6-2.



No cadro de dobres, en parella co arxentino Gustavo Fernández, quedaron finalistas tras perder na final contra os ingleses Alfie Hewett e Gordon Reid por 6-3 2-6 6-10, chegando á final tras superar a fase de grupos ante Casey Ratzlaff (USA) e Daniel Rodrigues (BRA) por 6-0 6-0, Joachim Gerard (BEL) e Maikel Scheffers (NED) por 6-3 6-1 e os xaponeses Takuya Miki e Tokito Oda por 6-4 6-3, en semifinais derrotaron aos franceses Federic Cattaneo e Stephane Houdet por 2-6 6-2 10-5.

Carlota Souto finalista no cadro de dobres do Tennis Europe en Malta

Carlota chegou á final de dobres do Torneo Tennis Europe (U16) celebrado do 30 de outubro ao 4 de novembro no Marsa Sports Club de Malta.

Gran actuación de Carlota no torneo, no cadro individual venceu na primeira volta a Eleonora Tranchero por 1-6 6-3 6-2, en oitavos de final caeu ante Pui Yin Pulmón por 3-6 3-6.

Na táboa de dobres, formando parella con Elli Nikoletta, venceron en oitavos de final a Federica Amoroso e Elisabetta Palmeri por 6-1 6-2, en cuartos venceron á parella formada por Lisa Bolton e Pui Yin Pulmón por 6-3 6-3, nas semifinais venceron a Elisabetta Allegra e Diletta D'Amico por 6-4 4-6 10-2 e na final caeron ante Bianca Baroglio e Emma Montebello por 6-3 6-0.



Gonzalo González finalista no MT1000 de Mallorca

Gran resultado para Gonzalo González converténdose en finalista no MT1000 de Mallorca, 27º Mallorca World Tennis Masters Tournament.

Nas primeiras roldas da categoría +55 deste torneo, o xogador lucense venceu por 6-1 6-1 a Philippe Bastide (FRA), a Ireneusz Gorka (POL) 3-6 6-1 6-1 e a Pedro Pastor Grau (ESP) por 6-2 6-3.

En semifinais desfixose do suízo Bertrand Zahno, cun resultado de 6-3 7-5.

Na final caeu por 6-3 e 6-3 ante o alemán Alexander Windisch, ex número 1 en 2017.



Martín De la Puente campión do Sardinia Open

Novo título de campión para o palmarés de Martín De la Puente, gañou o Torneo Internacional Sardinia Open.

O xogador vigués de tenis en cadeira estivo brillante durante todo o torneo. Eliminou ao croata Antonijo Arambasic cun dobre 6-0, ao francés Geoffrey Jasiak cun 6-0 6-1 e a Tom Egberink, de Holanda, con outro 6-0 6-0.

Nas semifinais remontoulle a Gordon Reid, xogador de Gran Bretaña e número 6 do ranking mundial, sendo o resultado final 3-6 6-3 6-3.

Na final tamén comezou perdendo o primeiro set ante o francés Stephane Houdet, pero soubo recuperarse e acabou superando ao número 10 do ranking ITF por 1-6 7-5 6-3



Martín De la Puente finalista do I Torneo Internacional Enrique Esteire in Memoriam

Martín De la Puente conseguiu ser subcampión do I Torneo Internacional de Tenis en Cadeira Enrique Esteire in Memoriam celebrado do 16 ao 18 de outubro na Rafa Nadal Academy.

Na final do torneo, o arxentino Gustavo Fernández, actual número 3 do Mundo, venceu a Martín de la Puente (número 4).



Grandes resultados para os xogadores galegos no ITF MT200 Estepona

Numerosa representación de xogadores galegos no ITF Sénior de Estepona, disputado do 11 ao 15 de outubro de 2023.

Bos resultados do grupo de tenistas de Atobeira Nigrán, R.C. Nautico Vigo e Sporting Casino A Coruña:

- Nilo Rubén Pérez Calo, campión +65
- Luis Ordières, finalista +50
- Ángel Fantova, finalista +45
- Iván Lima, campión de consolación +50
- Andrés Riveiro, finalista de consolación +50
- Ángel Fantova / Antonio Hernández, campiones dobres +40
- Luis Ordieres / Iván Lima, campiones dobres +50



Primeira participación de Jessica Bouzas no US Open

Jessica Bouzas Maneiro perde ante Tímea Babos na primeira rolda de previa do Grand Slam US Open.

Foi un partido duro de máis de dúas horas no que a vilagarcía levou o primeiro set con claridade, pero no que a húngara puido remontar para gañar por 1-6 6-4 6-3.



Xogadores galegos disputaron o Torneo "Amor e Paz".



Catro xogadores galegos disputaron o Torneo "Amor e Paz" organizado pola Federación de Tenis de La Rioja:

Ramon Talin Maiz

Jorge Alvarez Mosteiro

Emma Baliña Rodríguez

Alma Granados Blanco

O torneo de categoría sub 14 celebrouse no CMD Las Norias de Logroño.

Rafa Izquierdo fai semis no seu primeiro torneo M25



Gran resultado de Rafael Izquierdo no Torneo Internacional M25 Idanha-a-Nova en Portugal.

Rafa superou a previa gañando a Jake Van Emburgh (EEUU) 6-1 6-2 e a Joseph White (GBR) 6-2 6-1. No cadro principal venceu por 6-1 a 6-2 a Goncalo Falcao (POR), a Skander Mansouri (TUN) 6-2 3-6 6-2 e a David Poljak (CZE) por 6-4 1-6 7-5.

O francés Dan Added, de 24 anos e clasificación ATP 286, eliminouno en semifinais cun resultado de 4-6 3-6.

Gonzalo González despídese do Mundial Individual +55 nos cuartos de final



Gran resultado do lucense Gonzalo González no Campionato do Mundo Individual +55 celebrado do 19 ao 26 de agosto en Lisboa (Portugal).

Gonzalo chegou aos cuartos eliminando a Sergey Korolev cun dobre 6-0, a Paul Clutton (GBR) cun resultado de 6-1 6-3, a Ireneusz Gorka (POL) por 7-5 6-3 e ao arxentino Gustavo Miranda 6-2 4-6 6-4.

O xogador de Países Baixos, Niels De Kok, eliminouno por 6-3 e 6-4 nos cuartos de final.

Tomás Currás cae nos cuartos de final do M25 Oviedo – Riesco Cup

Iago Domínguez Álvarez del Club Tenis Pontevedra y Tomás Currás Abasolo de Ureca disputaron esta semana el Internacional M25 Oviedo – Riesco Cup.

Tomás entrou directamente no cadro principal e venceu a Xavi Matas Ortega por 6-3 1-0 e a Kane Bonsach Ganley (DEN) por 6-2 3-6 6-2. Non puido gañar nos cuartos ante Carlos López Montagud (ESP), cabeza de serie número 3, o resultado 1-6 5-7.

Iago gañou a Álvaro Peiro Serrano na primeira rolda de previa e despois perdeu no pase ao cadro final ante Iván Marrero Curbelo.



Ander Tarrío cede no pase ao cadro final do M25 de Sintra




O portugués Gonzalo Falcao eliminou hoxe a Ander Tarrío Ponte na última rolda do M25 en Sintra.

Nas xornadas anteriores, o xogador do Círculo Cultural e Deportivo de Sanxenxo venceu ao brasileiro Tiago Rodrigues Barbosa Lima por 6-1 6-2 e ao mexicano Roberto Hernan por 6-0 6-2.

Tomás Currás Abasolo, conn licenza por Ureca, tamén participou no cadro principal deste torneo internacional portugués, pero unha distensión na perna fixo que tivese que retirarse no partido da primeira rolda ante o alemán Sebastian Fanselow, terceiro cabeza de serie.

Bos resultados dos irmáns Quián no Warriors Tour de Tarragona



Do 4 ao 12 de agosto de 2023 celebrouse en Tarragona unha nova proba do Circuito Warriors Tour, na que Yeray e Yaiza Quián Darriba lograron fantásticos resultados.

Na proba individual cadete masculino, Yeray Quián Darriba logrou chegar ás semifinais, perdendo ante o campión do torneo, Yago Castellanos.

A súa irmá Yaiza proclamouse subcampioa na categoría alevín de dobres feminino, en parella con Nicole Toshcheva.

Nicolás Bellas Panadero finalista do Mutua Madrid Open Sub 16 CCVM

Nicolás Bellas Panadero, xogador do Real Club Tennis Coruña, conseguiu ser subcampión do Mutua Madrid Open celebrado no Club De Campo-Villa De Madrid do 1 ao 3 de setembro.

Nicolás deixou no camiño a Jaime Pérez Garrido (6-0 6-2), Yago Castellanos (6-2 4-6 7-6(1)) e Adrián Climent nun partido que durou case 3 horas (5-7 7-6(5) 6-4).

Sen apenas descanso, 2 horas despois, Nicolás saíu á pista para xogar a final e tras gañar o primeiro set por 6-4, caeu por 7-5 6-3 ante o valenciano Gonzalo Vedri.

Estupendo o torneo do xogador galego, aumentando as súas posibilidades de xogar na caixa máxica en 2024, un soño para calquera xogador.



Sol Junquera Martínez semifinalista no Warriors Tour Valencia

A xogadora de Ureca, Sol Junquera Martínez, chegou ás semifinais da proba cadete do Warriors Tour Valencia celebrado no Club Deportivo Saladar do 2 ao 9 de setembro de 2023.

Sen renunciar a un set desde que comezou o torneo, Sol caeu na semifinal por 6-3 e 6-3 ante a rumana Daria Grigore, que finalmente sería a campioa da proba.

Na primeira volta gañou á catalá Alexandra Carretero 6-4 7-5, en oitavos 6-4 6-3 á cabeza de serie número 4, Adriana Coltorti e en cuartos de final mesmo resultado ante a rumana Stefana Secara.

Gran torneo para a xogadora galega, despois de varios torneos disputados este verán na zona do Levante con bos resultados.



Jessica Bouzas eliminada nos quartos do Parma Ladies Open

Jéssica Bouzas Maneiro acadou un gran resultado no Parma Ladies Open, chegando aos cuartos de final.

A xogadora galega superou nas primeiras xornadas ás italianas Nuria Brancaccio (6-2 6-4) e Dalma Gálfi (6-1 6-0).

Katarzyna Kawa, número 97 do circuío WTA, eliminou a Jéssica nos cuartos de final deste torneo italiano de categoría W125.

2 horas e 16 minutos de xogo remataron cun resultado de 2-6 6-4 3-6 para a polaca, que se enfrontará en semifinais á favorita do cadro A. Schmiedlova.

A galega inscribiuse para competir a vindeira semana no W40 Kursumbijska Banja, un torneo de terra batida en Serbia.



Yeray Quián e Carlota Souto no Sistelmar Junior Cup do Porto

Os xogadores galegos Yeray Quián e Carlota Souto participaron durante a fin de semana no Sistelmar Junior Cup celebrada do 9 ao 17 de setembro no Porto.

Yeray caeu na terceira rolda ante o portugués José Rodrigues por 6-4 7-5 tras vencer a Tiago Gaspar na primeira rolda por 7-5 6-1 e na segunda rolda a Diogo Serafin por 1-6 6-0 6-3.

A xogadora Carlota Souto retirouse no primeiro set ante a portuguesa Matilde Novais cando o partido era 5-2 Retirada. No cadro de dobres, Carlota, xogando en parella con Iris Álvarez, perdeu na primeira volta ante María Carneiro e Sofia Pereira por 6-1 6-4.



Rafael Izquierdo cede nos oitavos de final do M25 en Setúbal

Bo resultado do xogador galego Rafael Izquierdo Luque no M25 de Setúbal.



Rafael partiu como cabeza de serie número 1 da previa, cadro no que superou con claridade aos portugueses Francisco Vilaca (6-2 6-3) e Guilherme Valdoeiros (6-1 6-2).

Na primeira rolda do cadro principal eliminou a Gonzalo Falcao (6-1 6-2), tamén de Portugal. O seu seguinte rival, o estadounidense Martin Damm, eliminouno en oitavos de final (6-2 6-3).

Gonzalo González finalista no MT1000 de Mallorca

Gran resultado para Gonzalo González converténdose en finalista no MT1000 de Mallorca, 27º Mallorca World Tennis Masters Tournament.

Nas primeiras roldas da categoría +55 deste torneo, o xogador lucense venceu por 6-1 6-1 a Philippe Bastide (FRA), a Ireneusz Gorka (POL) 3-6 6-1 6-1 e a Pedro Pastor Grau (ESP) por 6-2 6-3.

En semifinais desfíxose do suízo Bertrand Zahno, cun resultado de 6-3 7-5.

Na final caeu por 6-3 e 6-3 ante o alemán Alexander Windisch, ex número 1 en 2017.



Xogadores/as galegos/as no Master Warriors Tour

Nicolás Bellas Panadero foi semifinalista na proba cadete do Master Warriors Tour no JC Ferrero – Equelite Sport Academy en Alicante.

O resto de xogadores/as galegos/as clasificados/as quedaron eliminados/as na fase de grupos:

- Noa Pena Paz (categoría infantil feminina)
- Clara Arambillet Martínez (categoría cadete feminina)
- Blanca Trillo Pita Da Veiga (categoría cadete feminina)
- Yeray Quian Darriba (categoría cadete masculino)



Andrés Pereiro subcampión do J30 Isa Town



O lucense Andrés Pereiro López conseguiu ser finalista do Torneo Internacional Júnior J30 Isa Town de Baréin.

Andrés eliminou ao alemán Elias Kaan Held na primeira rolda 6-2 6-0, a Rushikesh Sonawane da India na segunda 6-3 6-4, en cuartos ao australiano Radu Cojocaru 6-1 6-7(5) 6 - 2 e en semifinais ao británico Josh Hinton 6-2 6-3.

Na final perdeu ante o turco Bora Bakici cun resultado de 2-6 6-2 6-2.

Aranai Martínez campioa de dobres no Internacional J30 de Avilés

Aranai Martínez Quintana proclamouse campioa do Torneo Internacional J30 de Avilés.

A xogadora con licenza por Galicia estivo emparellada con Coral Valle, do Club Escuela de Tennis Alcalá.



Aranai e Coral impuxéronse na final cun dobre 6-3 ante as irmás Anna e Mar Cabassers Morros, do Real Club Tennis de Barcelona.

Na proba individual, a cabeza de serie número 4, Sofía Fernandez Figueras de Tenispain, eliminou na primeira rolda a Aranai cun resultado de 7-5 7-5.

¡Parabéns Aranai!

Varios galegos subiron ao podio no MT200 de Estepona

Moi bos resultados dos xogadores galegos que participaron no Torneo Internacional Senior MT200 de Estepona.

Destacamos a Nilo Rubén Pérez Calo do Club Tennis A Tobeira, campión na modalidade +65, a Ángel Fantova Juncal do Sporting Club Casino Coruña, que quedou finalista na categoría +45, e a Luis Ordieres Canal do Club Tennis A Tobeira, que foi subcampión do grupo +50.

Ademais, Antonio Hernández González do Real Club Náutico de Vigo logrou chegar ás semifinais da categoría +50 e Javier Méndez Varela do Club Tennis A Tobeira chegou ás semifinais da modalidade +55.

Tamén participaron Manuel Alves Pérez (Club Tennis A Tobeira) en +45, Iván Lima Vázquez (Club Tennis A Tobeira) e Andrés Riveiro Sestelo (Club Tennis A Tobeira) en +50 e Benicio Moran Hidalgo (Club Tennis A Tobeira) en +60.



Ramón Talín en semifinais de dobres do Tennis Europe de Ganimedes U14

Ramón Talín xogará as semifinais de dobres en parella con Martín Rodríguez, enfrontarase a Salvador Almeida e Evan Galea tras vencer na primeira rolda ao portugués Vicente Ferreira e ao brasileiro Rafael Nascimento por 6-3 6-4, na segunda rolda aos franceses Anthime Duguet e Arthur Milot por 6-4 6-4 e en cuartos a Joao Pedro de Camargo e Alemán Kravchenko por 6-3 6-3.

No cadro de dobres feminino, as galegas Alma Granados e Sofía Villa Bento perderon na segunda volta ante as portuguesas Beatriz Angelico e Sofia Lopes por 6-0 6-1.

No cadro individual

Pedro Antón Ruibal quedou a un paso dos cuartos de final tras perder ante o portugués Tomás Vilaca por 6-3 6-3, tras vencer na primeira rolda ao portugués Nuno Graca Moura por 6-2 6-1 e na segunda rolda ao portugués Francisco Sardinha por 4-6 7-5 6-3. Ramón Talín Maíz gañou na primeira rolda a Andrew Schwer por 7-5 6-3 e na segunda perdeu ante o portugués Lourenço Silva e Costa por 4-6 6-1 6-3. Jorge Álvarez Mosteiro caeu na primeira rolda ante o portugués Afonso Coutinho por 7-5 6-7 (5) 6-3 e Marc Nicolás Andrade caeu na segunda rolda da fase previa ante o portugués Artur Correia Freire por 6-0 6-0.

No cuadro feminino, Sofía Villa Bento, tras superar a fase previa caeu na segunda rolda da fase final ante a francesa Margo Kusmieriek por 6-0 7-5, na primeira rolda venceu á portuguesa Noa Freitas por 4-6 6-3 6-1.

Na fase de clasificación Alma Granados perdeu ante a portuguesa Ana Leonor Casimiro por 6-2 6-4 e Maire Grace Ryan Pías caeu ante a francesa Nessa Barithel por 6-3 6-2.



Primeira participación de Jessica Bouzas no WTA 125 Colina

Jessica Bouzas cae nos oitavos de final da Copa LP Chile ante a húngara Panna Udvardy por 6-4 6-2 tras gañar a primeira rolda á chilena Fernanda Labraña por 6-2 6-0.



Nilo Rubén Pérez Calo no MT400 Manacor



Nilo Rubén caeu en cuartos ante o canadense Robert Foy por 3-6 1-6 tras vencer ao inglés Michael Eggleston por un rotundo 6-1 6-1.

A vindeira semana Nilo xogará o MT700 Gandia onde se enfrontará na primeira rolda ao alemán Joerg-Uwe Damm.



Celia Cerviño no W15 Villena

Celia cae nos cuartos de final da W15 Villena ante a finlandesa Ella Haavisto por 6-0 3-6 1-6, Celia chegou a cuartos tras vencer na primeira rolda á española Mercedes García por 6-2 6-1 e na segunda rolda á alemá Chantal Sauvart por 6-4 6-1.

Jessica Bouzas Campioa de España co Real Murcia CT 1919

A galega Jessica Bouzas proclamouse campioa de España de Tenis Absoluto Feminino por Equipos co Real Murcia CT 1919.



Do 1 de outubro ao 30 de novembro celebrouse no Club de Tenis Real Murcia 1 o Campionato de España MAPFRE de Tenis Absoluto por Equipos Feminino 1919ª Categoría – Copa Orange.

O Real Murcia Tenis Club 1919 conseguiu o seu primeiro título estatal, gañou a final ao CT Chamartín de Madrid por 3-1. Na final Jessica gañou o seu partido ante a grega Despina Papamichail por 6-3 5-7 6-2.

O equipo de Jessica chegou á final tras vencer ao RCT Barcelona por 3-1 na primeira rolda e ao CT Valencia por 4-0 nas semifinais.


A galega Celia Cerviño xogou co CD Stadium Casablanca, equipo co que se proclamou campioa de España en 2022. Este ano quedou fóra en semifinais, tras perder por 4-0 co CT Chamartín.

Martín de la Puente cae nas semifinais do II Open de Cataluña

Martín cae nas semifinais do II Catalonia Open ante o seu compañeiro de dobres o arxentino Gustavo Fernández por 1-6 6-1 0-6, Martín venceu na primeira volta ante o francés Gaetan Menguy por 6-2 6-2 e nos cuartos de final ao inglés Gordon Reid 7-6 2-6 7-5.

No cadro de dobres, en parella con Gustavo Fernández, perderon en semifinais contra os franceses Federic Cattaneo e Stephane Houdet por 6-7 6-4 7-10.

Martín competirá esta semana no Wheelchair Tennis Master en Barcelona, moita sorte Martín.



Galicia Head Tour 2023 - 5ª Proba

Durante o mes de setembro celebrouse en Ourense a 5ª proba do Circuito Galicia Head Tour, tendo como sedes o Club Santo Domingo e o PadelPriX La Finca.

Máis de 200 nenos e nenas participaron nesta última proba do circuito, onde os 8 xogadores de cada categoría clasificáronse para o Master Head, que se celebrará en novembro no Real Club de Tenis Coruña. (nos próximos días publicaranse as listas de clasificados).

Na entrega de trofeos estiveron presentes D. Xosé Mosquera, presidente da Federación Galega de Tenis; Alfonso Junco, director do Club Santo Domingo; Carlos Coira, Coordinador do Circuito Galicia Head Tour, Richard Álvarez, director deportivo do Club, e Kike Armendáriz, técnico de PadelPriX.

Dende a Federación Galega de Tenis felicitamos a todos os xogadores polo seu esforzo e actitude na pista; Tamén queremos agradecer a colaboración mostrada polos clubs Santo Domingo e PadelPriX La Finca e destacar o gran traballo realizado polos xuíces itinerantes: Richard Álvarez e Kike Armendáriz, así como o dos xuíces de cadeira Carlos Peco e José Manuel Fariñas.

Carlos Coira, Federación Galega de Tenis - Coordinador de Programas Deportivos

Lista de campións e finalistas:

- Campión Alevín 1ª – Levi Domínguez Olivares
- Campión Alevín 2ª – Alejandro Miranda Barreiro
- Campión Alevín 3ª – Álex Cerqueira Trinidad
- Subcampión Alevín 1ª – Thiago Salgado Campos
- Subcampión Alevín 2ª – Santiago Moreira Rodríguez
- Subcampión Alevín 3ª – Héctor Fernández Bouza
- Campioa Alevín 1ª – Lucía Couso Fernández
- Campioa Alevín 2ª – Rebeca Martínez Llauger
- Subcampioa Alevín 1ª – Lenda Vázquez Dasilva
- Subcampioa Alevín 2ª – Claudia Sánchez Carballo



Galicia Head Tour 2023 - 5ª Proba



- Campión Infantil 1ª – Jacobo Gómez Pato
- Campión Infantil 2ª – Álvaro Blanco Villa
- Subcampión Infantil 1ª – Federico Cabrera Pérez
- Subcampión Infantil 2ª – Daniel Suárez Miguez
- Campiona Infantil 1ª – Sofía Villa Bento
- Campiona Infantil 2ª – Martina Izquierdo Rodríguez
- Subcampioa Infantil 1ª – Ana Victoria Mella García
- Subcampioa Infantil 2ª – Clara Justo Prieto



- Campión Cadete 1ª – Pablo López Sánchez
- Campión Cadete 2ª – David Costas Blanco
- Subcampión Cadete 1ª – Pablo Gregores Vila
- Subcampión Cadete 2ª – Daniel Martínez Pardo
- Campioa Cadete 1ª – Candela Fajardo Aranda
- Subcampioa Cadete 1ª – Sira Fernández Martis



- Campión Junior 1ª – Miguel Del Castillo
- Campión Junior 2ª – Daniel Martínez Pardo
- Subcampión Junior 1ª – Pablo López Sánchez
- Subcampión Junior 2ª – Brais Rodríguez Álvarez
- Campioa Junior 1ª – Sol Junquera Martínez
- Subcampioa Junior 1ª – Candela Fajardo Aranda



- Campión Benxamín 1ª – Daniel Costa Sestelo
- Campión Benxamín 2ª – Daniel Torres Alonso
- Campión Benxamín 3ª – Pedro Orge Cruz
- Subcampión Benxamín 1ª – Diego Nogueira Lama
- Subcampión Benxamín 2ª – Gabriel Vázquez Anido
- Subcampión Benxamín 3ª – Adrian Granell Abad
- Campioa Benxamín 1ª – Carla Viñas Fontán
- Subcampioa Benxamín 1ª – Ariane García Rodríguez

0 Plan Corresponsables no Club de Tenis Gondomar



Promoción Pickleball no Sportur en Ourense

A Federación Galega de Tenis realiza unha promoción de Pickleball no marco da feira Sportur en Ourense.

Todas as persoas interesadas poden pasar por Expourense para probar esta nova modalidade deportiva.



Máster Galego Absoluto e Máster do Circuito Galicia Head Tour 2023



Do 24 de novembro ao 3 de decembro celebrouse nas instalacións do Club de Tenis Real Coruña o Master Galego Absoluto, o Máster do Galicia Head Tour, complementado co Torneo Head Categoría Benxamín.

En categoría absoluta reuníronse os 16 xogadores coa mellor clasificación galega e nas categorías alevín, infantil, cadete e júnior, os 8 xogadores que máis puntos Head acadaron ao longo do circuito Galicia Head Tour que se celebrou en 2023. .

Master Galego Absoluto:

- Na final do mastre galego masculino, o cabeza de serie número 1, Iago Domínguez, do Club Tenis Pontevedra, enfrontouse ao xogador do R. Club de Tenis Coruña David Cao. Domínguez levouse a vitoria no master tras gañar 4/6-6/0-12/10.
- Na final feminina, a viguesa Aranai Martínez venceu á cabeza de serie número 2, Blanca Trillo, do R. Club de Tenis Coruña por 6/2-6/2.


Master Galicia Head Tour:

- Junior Masculino: Diego Tarazona, do Club de Campo Ferrol, venceu a Miguel del Castillo, do R. Club de Tenis Coruña por 5/7 – 6/0 – 10/5.
- Júnior Feminino: Candela Fajardo, do RC da Estrada, venceu a Sira Fernández, do Club de Tenis El Rial por 6/3-6/3.
- Cadete Masculino: Pablo López, do RC da Estrada venceu a Alejandro Reboredo, do CT El Rial por 6/2-6/2.
- Cadete Feminino: Candela Fajardo, do RC da Estrada gañou a Carlota Souto, do RC de Tenis Coruña por 6/4-6/2.

- Infantil masculino: Jacobo Gómez, do RC Tenis Coruña, logrou a vitoria ante o seu compañeiro de club, Jorge Álvarez, por 6/2-6/1.
- Infantil Feminino: Noa Pena, do RC Tenis Coruña, venceu a Sofía Villa, do CT Codesal por 6/1-7/6(4).
- Alevín Masculino: Leo Sánchez, do Sp. Club Casino Coruña, venceu a Levi Domínguez, do CT Codesal por 7/6(5)-6/4.
- Alevín feminino: Maire Grace Ryan, do RC Tenis Coruña, venceu a Lucía Couso, do CT El Rial por 6/0-6/1.

Torneo Head Benxamín:

- Benxamín Masculino Primeira: Daniel Costa, do CC Mercantil e Ind. de Vigo venceu a Mateo Freijeiro, do RC Tenis Coruña por 4/1-4/0.
- Benxamín Feminino Primeira: Carla Viñas, do CC Mercantil e Ind. de Vigo venceu a Leire Vázquez, do Club Padel Prix Ourense por 4/0-4/1.
- Benxamín Masculino Primeira B: Guillermo Otero, do RC Tenis Coruña, venceu a Marcos Viñas, do CC Mercantil e Ind. de Vigo por 4/2-4/0.
- Benxamín Femenino Primeira B: Paula Seoane, do RC de Tenis Coruña, venceu á súa compañeira de club, Nora Santos, por 4/1-4/2.
- Segundo Benxamín Masculino: o santiagués Samuel Sean Ryan venceu a Adrián Pancorbo, do Sp. Club Casino Coruña por 4/1-4/0
- Segunda masculina Benxamín B: Mateo Juane, do Sp. Club Casino Coruña venceu ao seu compañeiro Martín Suárez por 4/1-4/5(5)-10/7
- Dende a Federación Galega de Tenis queremos agradecer a todos os nenos e nenas que participaron no Circuito Galicia Head Tour ao longo deste ano 2023. Un circuito que contou con 1.620 inscricións nas súas diferentes probas celebradas en: CCD Sanxenxo, CD D10 e CT As Termas, R.C. De A Estrada e R. AeroClub de Santiago, CC Mercantil e Ind. de Vigo, Club Santo Domingo e Padel Prix La Finca Ourense, e R. Club de Tenis Coruña.



Do 24 de novembro ao 3 de decembro celebrouse nas instalacións do Club de Tenis Real Coruña o Master Galego Absoluto, o Máster do Galicia Head Tour, complementado co Torneo Head Categoría Benxamín.

En categoría absoluta reuníronse os 16 xogadores coa mellor clasificación galega e nas categorías alevín, infantil, cadete e júnior, os 8 xogadores que máis puntos Head acadaron ao longo do circuío Galicia Head Tour que se celebrou en 2023. .



Master Galego Absoluto:

- Na final do mastre galego masculino, o cabeza de serie número 1, Iago Domínguez, do Club Tenis Pontevedra, enfrontouse ao xogador do R. Club de Tenis Coruña David Cao. Domínguez levouse a vitoria no master tras gañar 4/6-6/0-12/10.
- Na final feminina, a viguesa Aranai Martínez venceu á cabeza de serie número 2, Blanca Trillo, do R. Club de Tenis Coruña por 6/2-6/2.

Master Galicia Head Tour:

- Junior Masculino: Diego Tarazona, do Club de Campo Ferrol, venceu a Miguel del Castillo, do R. Club de Tenis Coruña por 5/7 – 6/0 – 10/5.
- Júnior Feminino: Candela Fajardo, do RC da Estrada, venceu a Sira Fernández, do Club de Tenis El Rial por 6/3-6/3.
- Cadete Masculino: Pablo López, do RC da Estrada venceu a Alejandro Reboredo, do CT El Rial por

6/2-6/2.

- Cadete Feminino: Candela Fajardo, do RC da Estrada gañou a Carlota Souto, do RC de Tenis Coruña por 6/4-6/2.
- Infantil masculino: Jacobo Gómez, do RC Tenis Coruña, logrou a vitoria ante o seu compañeiro de club, Jorge Álvarez, por 6/2-6/1.



- Infantil Feminino: Noa Pena, do RC Tenis Coruña, venceu a Sofía Villa, do CT Codesal por 6/1-7/6(4).
- Alevín Masculino: Leo Sánchez, do Sp. Club Casino Coruña, venceu a Levi Domínguez, do CT Codesal por 7/6(5)-6/4.
- Alevín feminino: Maire Grace Ryan, do RC Tenis Coruña, venceu a Lucía Couso, do CT El Rial por 6/0-6/1.

Torneo Head Benxamín:

- Benxamín Masculino Primeira: Daniel Costa, do CC Mercantil e Ind. de Vigo venceu a Mateo Freijeiro, do RC Tenis Coruña por 4/1-4/0.
- Benxamín Feminino Primeira: Carla Viñas, do CC Mercantil e Ind. de Vigo venceu a Leire Vázquez, do Club Padel Prix Ourense por 4/0-4/1.
- Benxamín Masculino Primeira B: Guillermo Otero, do RC Tenis Coruña, venceu a Marcos Viñas, do CC Mercantil e Ind. de Vigo por 4/2-4/0.
- Benxamín Femenino Primeira B: Paula Seoane, do RC de Tenis Coruña, venceu á súa compañeira de club, Nora Santos, por 4/1-4/2.

Campionato Galego de Tenis Veteran@s 2023



Rematou o Campionato Galego de Tenis Veteran@s 2023. Publicamos a crónica que nos envía o Real Aero Club de Santiago:

Listado de campións e finalistas:

+35 Masculino

- Campión: Rodrigo Figueroa Vázquez
- Subcampión: David Vidal Vázquez

+35 Feminino:

- Campioa: Carolina Martínez Vila
- Subcampioa: Rocío Villar González

+35 Dobres Masculinos

- Campións: Rodrigo Figueroa Vázquez / Álvaro Álvarez Garrues
- Subcampións: Juan José Mesejo Mocelo / Carlos Suárez Fdez.

+35 Dobres Feminino

- Campioas: Lucía Cortizas Seco / Ana Lorenzo Seco
- Subcampioas: Ana M. González Llanos / María Sicre Romero

+40 Masculino

- Campión: Sergio Leiro Oubiña
- Subcampión: Gustavo Montero Lence



+40 Dobres Mixtos

Campións: Lucía Cortizas Seco / Nicolás Prego Insua

Subcampións: Pablo Acción Badía / Paula García Tenorio

+45 Masculino

Campión: Iñaqui de Santiago Marín

Subcampión: Ángel Fantova Juncal

+45 Feminino:

Campioa: María Sicre Romero

Subcampioa: Paula García Tenorio

+45 Dobres Masculinos

Campións: Bruno Otero Afonso / José Luis Vilar García

Subcampións: Iván Lima Vázquez / Luis José Ordieres Canal



+50 Masculino

Campión: Luis José Ordieres Canal

Subcampión: Juan Manuel Camiña Fernández

+50 Dobres Mixtos

Campións: Teresa Castro Jorreto / Juan M. Martínez Mateos

Subcampións: Roberto Bustillo Bolado / María Victoria Fernández Calero

+55 Masculino

Campión: Jorge Pablos Benavides

Subcampión: Juan M. Martínez Mateos

+55 Feminino:

Campioa: Olga Fernández Castiñeira

Subcampioa: Lucía Casalderrey Pérez

+60 Masculino

Campión: Bruno Otero Afonso

Subcampión: Fernando Pablos Benavides

+60 Dobres Masculinos

Campións: Juan José Mesejo Mocelo / Carlos Suárez Fernández

Subcampións: Alberto Díez Mira / Fernando Mariño Aragunde

+65 Masculino

Campión: Nilo R. Pérez Calo

Subcampión: José Deus Brage

+70 Masculino

Campión: Pablo González Tenorio

Subcampión: Rogelio Villar Gantes

I Máster Galego de Veteran@s 2023

Hotel H4



A pasada fin de semana, coincidindo coa ponte do Pilar, celebrouse en Cangas o I Master Galego de Tenis de Veteran@s – Hotel H4.

Poderon participar os 8 xogadores con mellor clasificación inscritos en cada unha das diferentes categorías, que foron as masculinas +35, +45, +55 e +65, ademais dunha categoría feminina agrupada.

Os partidos de cuartos e semifinais disputáronse entre o xoves e o sábado, quedando o domingo para as distintas finais, que habería que disputar a cuberto xa que a choiva non deu tregua durante toda a mañá.

Inauguraron a xornada os +65, onde o primeiro favorito, José Deus do Club Tenis Redes, campión galego en varias ocasións e categorías, logrou a vitoria derrotando con claridade ao xogador local Carlos González, que chegou á final, deixando a cuneta a dous cabezas de serie en cuartos de final e semifinais.

Tamén tiveron que madrugar na categoría +45, onde nun partido axustado e con tácticas totalmente contrarias, Javier Iglesias do Club Tenis Padrón deu a volta ao marcador e venceu a Ricardo Vázquez, por 26 75 10/4.

A seguinte quenda foi para a categoría feminina, onde Olga Fernández do Club Tenis Nigrán e primeira favorita no cadro, logrou o campionato tras cómodas vitorias nos seus partidos de semifinais e na final ante Yolanda Colmenero do Empresariais de Ourense.

Tocaba a quenda da categoría +55, onde os cabezas de serie 1 e 2 disputarían unha final igualada con alternativas para ambos os bandos, na que Juanma Martínez do Breaking Tenis de Lalín levaría a vitoria por 36 63 11/9 ante Abel Rodríguez. do Club de Tenis Coruña.

Para pechar a xornada entrarían na pista os +35 finalistas, David Vidal do Club de Campo de Vigo e favorito 2 no cadro e Nacho Trigo do Club Tenis Cangas, que sen saír entre os favoritos, entrou na final tras derrotar a 2 cabezas de serie en cuartos de final e semifinais. A final comezou inclinada cara a David, que gañou o primeiro set por 26, aínda que Nacho, nunha demostración de loita e sacrificio, deu a volta ao marcador e con 62 e 10/5 no super tie break e gañou co campionato.

Contamos coa presenza de Sagrario Martínez, concelleira de Deportes, que non puido participar na entrega de trofeos, á que asistiron Antón Iglesias, concelleiro de Urbanismo, e Rafa Soliño, concelleiro do Concello, nas instalacións do Hotel H4, patrocinador do evento, e que rematou cuns espectaculares pinchos para os asistentes.

O club agradece a colaboración e disposición do patrocinador do evento, o Hotel H4, para axudar a que este torneo deixase un gran sabor de boca aos participantes.

Así mesmo, queremos agradecer aos participantes a súa dispoñibilidade para sacar este I Máster Galego de Veteranos que agardamos chegue para quedar no calendario.

Crónica do Club de Tenis Cangas



Campionato Galego de Tenis de Praia 2023

Rematou o Campionato Galego de Tenis Praia 2023 que a Federación Galega de Tenis organizou na Praia de Baltar de Sanxenxo os días 18, 19 e 20 de agosto. Publicamos a lista de campións e campioas:

Dobres Absoluto Masculino

- Campións: Adrián García Vázquez / Alejandro Pose Morano
- Subcampións: Jorge Martínez Martínez / Juan Amador Ruiz

Dobres Absoluto Feminino

- Campioas: Olalla Fernández Maroto / Begoña Montenegro Prado
- Subcampioas: Eva Ducet Teixeira / Lydia García Vázquez

Dobres Sub-18

- Campións: Nicolás Mosquera Domínguez / Martín Vázquez Gómez
- Subcampións: Marcos Yañez Maceira / Daniel Martínez Pardo

Absoluto Masculino Individual

- Campión: Adrián García Vázquez
- Subcampión: Alejandro Pose Morano

Absoluto Feminino Individual

- Campioa: Lydia García Vázquez
- Subcampioa: Olalla Fernández Maroto

Dobres Sub-14

- Campioas: Sara Yañez Maceira / Alba Beceiro Matilla
- Subcampións: Gabriel Babio Filloy / Valeria Iglesias Cabral



I Campeonato Absoluto Feminino e Masculino Ibérico de Tenis

A Federación Galega de Tenis organiza do 7 ao 10 de decembro o I Campeonato Absoluto Feminino e Masculino Ibérico de Tenis.

A competición celebrarase nas instalacións dos clubs ourensáns Club Santo Domingo e Padel Prix.

Participarán as seleccións absolutas de Porto, Aveiro, Coimbra, Leiria, Asturias, Cantabria, Castilla y León e Galicia

Equipos e xogadores participantes:

GALICIA

Masculino

- Rafael Izquierdo Luque
- Iago Domínguez Álvarez

Feminino

- Celia Cerviño Ruíz
- Emma Baliña Rodríguez

PORTO

Masculino

- Afonso Portugal
- Tiago Silva

Feminino

- Lena Couto
- Diana Fernandes

ASTURIAS

Masculino

- Gonzalo Fernández Ornia
- David Menendez Alvarez

Feminino

- Daniela Fernández Junquera
- Julia Cambor Fernández

AVEIRO-COIMBRA



Masculino

- Rodrigo Santiago Duarte
- Giovanni Nascimento e Souza

Feminino

- Madalena Sapage Ferreira dos Santos
- Madalena Maria Afonso Matias

CANTABRIA

Masculino

- Germán Sánchez Amor
- Enrique Cañedo de la Llama

Feminino

- Leonor Gutiérrez San Ceferino
- Paula Garbisu Irizabal

LEIRIA

Masculino

- João Inês
- Guilherme Silva

Feminino

- Leonor Reis
- Rita Francisco

PAÍS VASCO

Masculino

- Mikel López Hernaez
- Iñigo Santos
- Luis Diego Chavez Villalpando

Feminino

- Dasha Valdés Marquina
- Sofía Lopez-Linares Perez

CASTILLA E LEÓN

Masculino

- Pablo Sánchez Coria
- Jorge Hernando Ruano

Feminino

- María Suárez Alonso
- Julia Millán Tejedor



Selección galega masculina e feminina Copa Ibérica

I Torneo Pickleball FGTenis

O sábado día 9 celebrouse no Pavillón Municipal dos Remedios de Ourense o primeiro torneo de Pickleball organizado pola Federación Galega de Tenis.

Este deporte emerxente con tanto éxito noutros países e que xa comezou a implantarse noutras comunidades autónomas tivo esta fin de semana o seu primeiro torneo oficial en Galicia, concretamente na cidade de Ourense, cun total de 38 inscricións nas distintas categorías.

Desenvolvemento do torneo:

Xogáronse 3 cadros: individual masculino, individual feminino e dobres.

En todos eles houbo unha fase de grupos e posteriormente cadros eliminatorios, polo que os xogadores disputaron partidos ao longo de toda a xornada.

Deportistas de toda Galicia chegaron para disputar este primeiro torneo de Pickleball, que contou coa colaboración da Asociación Galega de Pickleball.

O bo ambiente e a deportividade entre todos os participantes foi a tónica predominante nun torneo que estivo dirixido por Carlos Coira.



Entrega de trofeos:

Na entrega dos trofeos estiveron presentes:

- Xosé Mosquera, presidente da Federación Galega de Tenis.
- Jorge Dulvivo, presidente da Asociación de Tenis de Aveiro.
- José Carlos Otero, presidente da Asociación de Pickleball Galicia.

Cadro de honra:

Absoluto Masculino:

- Campión: Santiago Otero Rodríguez
- Finalista: Rubén Araujo Vázquez

Absoluto feminino:

- Campioa: Consuelo Domínguez Munaiz
- Finalista: Alicia González Franco

Absoluto Dobres:

- Campiones: Ignacio Garrido Carrera e Francisco Yáñez Brea
- Finalistas: Santiago Otero Rodríguez e Miguel Anxo Rodríguez Piñeiro




Pattinama culmina un excelente torneo - W25 Cidade de Ourense



A holandesa Lesley Pattinama Kerkhove, número 251 da lista mundial da WTA, foi proclamada vencedora da III W25 Cidade de Ourense co seu triunfo por 7-6 6-4 ante a portuguesa Francisca Jorge.

Prometía a final entre as dúas primeiras cabezas de serie e non defraudou. A xogadora de Guimaraes comezou máis



forte, adiantándose 4-2 no marcador. Con todo, Pattinama tivo unha excelente serie de xogo, chegando 5-4 e 30-0 ao seu favor. Unha dobre falta a destempo xunto co bo facer de Jorge impediron que o primeiro set se pechase nese décimo xogo. O desenlace tivo que esperar ao tiebreak, dominado de principio a fin pola neerlandesa, que o levou por un parcial de 7-1.

Con experiencia nos grandes escenarios do tenis mundial, Pattinama empuxou ao comezo da segunda manga para tentar despegarse definitivamente, pero a portuguesa levantou un 0-40 no seu primeiro xogo ao servizo. Foi aprazar o inevitable. A primeira favorita conseguiu minutos despois unha vantaxe que non ía deixar ir.

A tenista de Rotterdam súmase así ao palmarés do torneo á bielorrusa Kristina Dmitruk (2022), que este ano non puido asistir á competición.

